



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A FIRMA DUN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CETMAR, INTECMAR E A SOCIEDADE DE SALVAMENTO E SEGURIDADE MARÍTIMA (CENTRO JOVELLANOS) PARA O DESENVOLVEMENTO DA MANIFESTS EXERCISE TOOL, NO MARCO DO "PROXECTO MANIFESTS (GRANT AGREEMENT Nº 101004912)"

Antecedentes

INTECMAR, na súa función dentro das unidades de apoio ao Plan de contingencia territorial de contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal), participa en numerosos proxectos encamiñados a dar unha mellor resposta ante os episodios de contaminación mariña accidental.

Neste contexto participa no proxecto MANIFESTS (<https://manifests-project.eu/>) (Grant Agreement, nº. 101004912), co-financiado polo Mecanismo de Protección Civil da Unión Europea da DG-ECHO, no marco da convocatoria "UCPM-2020-MARIPOL AG – Prevention and preparedness for Marine Pollution at sea and on shore". O proxecto centrase en vertidos químicos e especialmente nas sustancias gasosas ou volátiles que poden dar lugar a nubes tóxicas ou explosivas e ten como principal obxectivo mellorar a xestión dos riscos e impactos das sustancias gasosas ou volátiles para a seguridade da poboación.

O proxecto pretende tamén mellorar a formación e preparación fronte a este tipo de sustancias por medio da elaboración de guías de avaliación de riscos e protección da saúde humana, así como desenvolvemento de exercicios de campo e de escritorio.

INTECMAR está a cargo, entre outras tarefas, do desenvolvemento destes exercicios co apoio de CETMAR. Por outra banda, no marco do proxecto MANIFESTS CETMAR desenvolverá unha ferramenta online de apoio á formulación de exercicios de adestramento (MANIFESTS Exercise Tool, MET) que proporcionará os recursos e metodoloxías clave para o desenvolvemento de exercicios de distinta escala, complexidade e fases de intervención. CETMAR está a cargo, entre outras tarefas, da posta en marcha desta ferramenta, co apoio de INTECMAR.

Para a realización destas accións é de gran importancia contar con aquelas organizacións ou entidades adiaadas á protección e conservación do medio e dos recursos mariños e en especial á formación, de maneira que os desenvolvementos estean acordos coas necesidades das organizacións e autoridades con competencias na preparación e resposta á contaminación.





Neste senso, o Centro Jovellanos, como Centro de Formación da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima constitúe un centro de referencia neste ámbito e ten como misión implantar, desenvolver e deseñar unha formación integral en salvamento e seguridade marítima, así como na prevención e loita contra a contaminación.

Acordo de colaboración

Os esforzos conxuntos das tres entidades no desenvolvemento da ferramenta online, que axuden a planificar e mellorar os exercicios é un gran avance en materia de protección ambiental e loita contra a contaminación mariña accidental. Polo tanto, as tres organizacións teñen interese en coordinar e desenvolver accións que contribúan a mellorar a realización destes exercicios.

Tendo en conta o beneficio que supón a colaboración entre as tres organizacións para o desenvolvemento de servizos que melloren os exercicios encamiñados á protección dos recursos mariños fronte aos riscos asociados a episodios accidentais de contaminación mariña, considérase de interese establecer un acordo de colaboración entre INTECMAR, CETMAR e o CENTRO JOVELLANOS que permita a mellora da ferramenta MANIFESTS Exercise Tool.

Este convenio non xerará gastos ao INTECMAR, polo que non é preciso elaborar unha memoria económica.

Vilaxoán,
Xefa da Unidade de Documentación e Apoio Científico

Garbiñe Ayensa Aguirre